ANEXO 1
Participación no Concurso das Letras Galegas 2023
Categoría Vídeo

Datos relativos ao/á interesado/a		
Apelidos		Nome
NIF	Teléfono	Correo electrónico

Datos relativos ao/á representante legal		*Obrigatorio no caso de menores de idade*
Apelidos		Nome
NIF	Teléfono	Correo electrónico

☐ **A creación que presento, pertence a un grupo de persoas**
Neste caso, acompañar o anexo I de todos/os os/as participantes do grupo.

Medio preferente de notificación (elexir postal ou telemática)

☐ **POSTAL** Lugar _____ Núm. _____
CP _____ Parroquia _____ Concello _____

☐ **TELEMÁTICA** (*) Indicar correo electrónico habilitado _____

Marcar cunha X no seguinte recadro ☐ que desexa participar no II CONCURSO DE VÍDEO, ENCADRADO NAS LETRAS GALEGAS 2023 proposto polo CONCELLO DE BERGONDO. A este efecto, declara ser informado e aceptar o contido das Bases Legais que rexen o Concurso, así como que a súa participación e o seu proxecto/obra presentada ao citado Concurso, poderán ser rexistrados en diversos formatos de vídeo e fotográficos. Os participantes poderán ver o seu traballo publicado nas redes sociais vinculadas ao CONCELLO, así como no portal institucional do mesmo. Tamén poderán ser publicados en medios de comunicación, sempre como parte do contido informativo elaborado polos citados medios sobre o Concurso. De acordo co anterior, o Participante cede, dende o momento da firma do presente documento, ao CONCELLO DE BERGONDO, os dereitos de reprodución das fotos, contos, vídeos ou outras creacións, necesarios para levar a cabo as accións relacionadas nos puntos anteriores (fixación, reprodución, distribución e comunicación pública), así como os dereitos sobre a súa imaxe, en relación coa súa participación no citado concurso organizado polo CONCELLO. Esta cesión de dereitos polo interesado realízase con carácter gratuíto, sen máis contraprestación que participar no Concurso nos termos e condicións previstos nas súas Bases Legais, todo iso coa única condición e limitación daquelas utilizacións ou aplicacións que puidesen atentar ao dereito á honra nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de Maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, así como da Lei de Propiedade Intelectual.

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través da presente solicitude, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área de cultura, á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello e , os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Bergondo con dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/

Bergondo (A Coruña) _____ de _____ de _____

Sinatura

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)